

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 5 de maio de 2003 de fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas.

O Regulamento (CE)1257/1999 do Consello, do 17 de maio, establece no seu artigo 30 a posibilidade de outorgar axudas para a transformación e comercialización de produtos forestais, e no artigo 33 para a diversificación de actividades relacionadas co sector primario no contorno rural.

O Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006, aprobado por Decisión da Comisión do 7/3/2001, recolle na medida 1.2 as melloras na transformación e comercialización de produtos agrícolas e forestais.

A conveniencia de repercutir no sector primario forestal os beneficios dun mercado dinámico e non intervido dos produtos da madeira, precisa non só dispor de empresas competitivas de aproveitamentos, senón que tamén sexan capaces de transmitir ó sector forestal os valores que a sociedade demanda á madeira a través do mercado.

A competencia internacional e a crecente demanda de novos requisitos cualitativos nos produtos de consumo fai prioritario o desenvolvemento e implan-

tación de melloras nas condicións laborais, adaptacións ambientais e innovacións na xestión empresarial que permitan dinamizar a cadea comercializadora, reducir ineficiencias e adaptarse a futuros criterios esixibles á cadea de custodia. Por iso, considérase conveniente incentivar non só melloras nos medios de produción, senón tamén, e con maior prioridade, melloras na calidade empresarial.

Coa finalidade de lograr unha boa execución dos recursos dispoñibles e asegura-la calidade dos investimentos que se subvencionan, contéplase a plurianualización das axudas, penalizacións por non execución de investimentos aprobados, así como a adaptación das resolucións de axuda a modificacións dos proxectos inversores, todo iso garantindo os criterios de concorrencia competitiva aplicados na concesión das axudas e dentro do marco normativo establecido polo Decreto 287/2000, de 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do anterior, ó abeiro do Decreto 287/2000 citado anteriormente, de acordo co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto das axudas e beneficiarios.

a) Investimentos productivos.

Poderán ser subvencionables os investimentos en activos fixos productivos relativos ás operacións de aproveitamentos forestais, acondicionamento e transformación dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais e residuos forestais do monte), realizados por empresas do sector forestal, comunidades de montes veciñais en man común ou agrupacións, legalmente constituídas, de propietarios forestais con máis de 100 ha arboradas. No relativo á madeira só se contemplarán as operacións anteriores ó serrado industrial da madeira, así como investimentos en serras realizados por empresas en activo, radicadas no contorno rural, con menos de 10 empregados.

b) Plans e ferramentas de xestión empresarial.

Poderanse considerar plans, proxectos, estudos e programas, orientados á mellora da cualificación empresarial. Poderán seren beneficiarias as empresas dos sectores indicados no punto anterior.

As actuacións subvencionables detállanse no anexo I.

Os beneficiarios deberán acreditar a súa viabilidade económica, e deberán ter, polo menos, o 35% do cadro de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido. Para as empresas de nova creación bastará o compromiso de acadar, como mínimo, o 35% de estabilidade laboral ó remate do prazo concedido para xustificar-lo investimento. Non será nece-

sario cumprir este requisito nas subvencións inferiores a 60.102 euros. No caso de empresas con menos de 10 traballadores, a porcentaxe de estabilidade laboral mínima esixida reducirase ó 33%.

As empresas xa existentes deberán comprometerse, igualmente, a acadar a mesma porcentaxe mínima de estabilidade laboral respecto das novas contratacións que, se é o caso, deriven do proxecto de investimento que se subvencione.

De xeito excepcional e coa debida motivación, en casos de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades dun sector ou dunha empresa concreta, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos poderá autorizar a non esixencia da porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración da axuda, do que se dará coñecemento á comisión de seguimento dos acordos de apoio á promoción.

Artigo 2º.-Exclusión.

Non será subvencionable:

- a) A adquisición de terreos e mobiliario.
- b) A adquisición de maquinaria usada.
- c) Os tributos recuperables polo beneficiario, como o IVE.
- d) A renovación de maquinaria que non implique melloras tecnolóxicas, productivas ou de seguridade. Considerarase neste caso o diferencial de custo.
- e) Os gastos de reparación e mantemento.
- f) Os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro ou calquera outra figura análoga.
- g) Os investimentos destinados á manipulación ou comercialización de produtos de países non comunitarios.
- h) Os investimentos iniciados antes da solicitude de axudas ó abeiro do presente programa operativo, así como os investimentos en instalacións fixas e obra civil sen constancia oficial de non terse iniciado anteriormente.
- i) Investimentos destinados ó comercio retalista.
- j) Investimentos e actuacións con axudas financiadas con fondos comunitarios distintos do FEOGA.

Artigo 3º.-Prazo de presentación de solicitudes e convocatorias.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días hábiles a partir da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes que se presenten con posterioridade a esta data, así como os expedientes que non completen axeitadamente a documentación requirida no art. 6º no prazo establecido, quedarán excluídos; poderán considerarse na convocatoria seguinte por instancia do interesado e cando cumpran os requisitos esixidos na dita convocatoria.

Artigo 4º.-Importe das axudas.

Os investimentos en bens de equipo, recollidos no anexo I-A, terán unha subvención básica dun 35%, que poderá incrementarse ata o 45% (40% para as empresas que non cumpran a condición de PEMES), segundo os criterios indicados no anexo II, salvo para camións e obra civil no sector da madeira, que se limitarán ó 35%.

Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial recollidos no anexo I-B subvencionarase cunha axuda dun 45%.

A axuda máxima por solicitante limitarase a 220.000 euros.

Artigo 5º.-Criterios de selección.

A concesión de axudas axustarase os principios de publicidade, concorrència e obxectividade, segundo o artigo 3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A dispoñibilidade orzamentaria asignada a cada convocatoria limitará o número de expedientes que se vaian aprobar.

Para iso, ordenarase cada un dos investimentos solicitados de acordo co criterio de priorización e baremo que se indica a continuación. Aprobaranse os investimentos así ordenados, de maior a menor orde de prioridade, e dentro da mesma prioridade, de maior a menor puntuación ata esgotalo orzamento.

A) Criterios para establecer a prioridade das solicitudes:

1º Seleccionarase os plans e ferramentas de xestión empresarial citados no anexo I.2.

2º Continuarase cos investimentos en activos fixos productivos citados no anexo I.1, aplicando a baremación indicada de cada investimento solicitado, que será a suma da aplicación dos criterios indicados nos puntos B.1 e B.2.

3º En penúltima orde de prioridade consideraranse as obras civís, e en último lugar os camións.

B) Para puntuar os investimentos dentro da priorización anterior, aplicarase a baremación que se indica:

B.1. Segundo o obxecto de investimento.

	Baremo
Equipos de protección individual	200
Procesadoras forestais, autocargadores, arrastradores	150
Equipos tractocargadores completos, equipos completos de colleita de biomasa	130
Investimentos en bens de equipo de empresas de transformación e acondicionado comercial de produtos silvícolas non madeireiros	130
Instrumentos de medición de masas forestais	120
Implementos forestais de maquinaria de desembosque	110

	Baremo
Instalacións de parque húmido, peladoras, instalacións de clasificado de rolla, básculas	80
Maquinaria e instalacións en serras de menos de 10 empregados	60
Implementos forestais (góndolas, plataformas, guindastres) de transporte por estrada, pas cargadoras	40
Parque de rolla e obra civil	10
Vehículos para o transporte de madeira por estrada	5

B.2. Segundo as características da empresa.

	Baremo
Por cada punto porcentual de incremento de axuda, segundo o anexo II	5
Investimentos maiores de 250.000 €: por cada 10.000 € que superen esta cantidade (considerando investimentos acumulados, mesmo os subvencionados anteriormente con cargo a esta liña de axudas). Aplicable individualmente a cada obxecto de investimento ($(\Sigma I - 250.000) / 10.000$)	1 punto negativo
Volume de negocio na explotación forestal: $[(V + 50T) / I - 1] \times 5$ Por cada unidade, a partir da segunda, no cociente vendas/investimentos solicitados	(5 máx.)
(Os contratos de saca (T) valoraranse como vendas multiplicando o seu valor por 50)	30
Serras con instalacións adaptadas (ou en proceso) á normativa de seguridade industrial e laboral	30
Empresas de comercialización de produtos silvícolas non madeireiros	50
Empresas de comercialización conxunta (mínimo 3 empresarios do sector con actividade nos últimos 3 anos), agrupacións de propietarios forestais con máis de 100 ha arboradas, ou comunidades de montes veciñais)	100

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. Os interesados deberán presentar, perante a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, a seguinte documentación:

a) Instancia-solicitud, dirixida ó conselleiro de Medio Ambiente, segundo modelo que figura no anexo III desta orde.

b) Ficha cos datos da empresa solicitante, segundo o anexo V da orde.

c) Memoria onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo IV da presente orde e especialmente o estudo de viabilidade da empresa e do investimento.

d) Copia dos seguintes documentos:

-Último imposto de sociedades ou, no seu defecto, do IRPF.

-Declaración de operacións con terceiros (modelo 347).

-Copia cotexada do NIF ou CIF.

-TC1 e TC2 da empresa do mes de decembro de 2002.

e) Xustificación de que os produtores de base participarán nas vantaxes económicas do investimento. Pódense presentar copias de contratos de compra de madeira, compromisos de adquisición, declaracións

de interese de agrupacións e asociacións forestais, ou documentación equivalente.

f) No caso de obra civil: licenza municipal ou informe urbanístico favorable.

2. Recibidas as solicitudes examinaranse os documentos presentados. No caso de que sexan detectadas faltas ou omisións, requirirase o interesado para emendarlos erros ou achega-la documentación preceptiva no prazo de dez días hábiles.

Artigo 7º.-Distribución do orzamento.

As axudas fixadas na presente orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, podendo verse incrementadas a través das oportunas modificacións orzamentarias:

15.02.614C.770.0, con 2.000.000 de euros para o ano 2003, e 1.700.000 euros para o ano 2004.

Artigo 8º.-Tramitación e concesión de axudas.

A distribución das anualidades nas axudas individuais realizarase de acordo coas previsións de execución comunicadas polos beneficiarios e ós condicionantes orzamentarios indicados no artigo 7º.

O conselleiro de Medio Ambiente resolverá os expedientes de cada convocatoria a proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, que deberá axustarse ó disposto no artigo 9º.5 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas. A resolución individual e motivada notificáraselle ó interesado.

As solicitudes denegadas por exclusión no proceso de selección poderanse considerar na seguinte convocatoria de axudas por instancia do solicitante se cumpren os requisitos esixibles na seguinte convocatoria.

As solicitudes que, unha vez transcorridos 6 meses desde a convocatoria á que se acolleron, non tiveran unha comunicación de aprobación de axuda, poderán entenderse desestimadas consonte o establecido no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Contra a resolución da axuda aprobatoria ou denegatoria, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición do recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fora expresa ou seis desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co disposto nos artigos 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e o artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Posibilidade de modificación da resolución e reintegros da axuda.

1. Se no transcurso da tramitación do expediente de axudas o solicitante precisara introducir modificacións a el, solicitará autorización da Consellería de Medio Ambiente, xustificando as razóns do cambio e xuntando a oportuna actualización do expediente que contemple as variacións do proxecto orixinal. Poderanse modifica-las resolucións individuais de axuda, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida derivar en criterio discriminatorio respecto a terceiros.

A modificación realizarase mediante resolución do conselleiro de Medio Ambiente, logo de proposta motivada do director xeral de Montes e Industrias Forestais e instrucción do correspondente expediente de modificación aplicando os criterios de selección do artigo 5º. As renuncias da subvención, na totalidade ou en parte, por parte do beneficiario comportarán a correspondente resolución da Administración nos termos e condicións previstas no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas consideradas na concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. No caso de incumprimento das condicións establecidas nesta orde e as indicadas na resolución de subvención, procederase á revogación parcial ou total da axuda.

Se o beneficiario percibira pagamentos parciais ou anticipos e a execución parcial non cumprira os obxectivos iniciais previstos, así como as condicións da resolución, procederase á tramitación do expediente de reintegro da subvención percibida máis os xuros de demora.

4. No caso de que se reduciñen os investimentos proxectados, sempre que estes sexan susceptibles de avaliación independente e cumpran os fins previstos inicialmente, a subvención que hai que pagar será proporcional ós investimentos xustificadas sempre que a axuda siga mantendo a finalidade da súa concesión, cunha penalización equivalente ó 20% da axuda concedida dos investimentos non xustificadas en prazo. Non se penalizará se o beneficiario comunica a imposibilidade de executar estes investimentos cunha antelación superior a dous meses antes do remate do prazo de execución.

Artigo 10º.-Procedemento de pagamento e xustificación.

1. O prazo de xustificación finalizará o 15 de outubro de 2003 e o 30 de maio de 2004, segundo a anualidade que corresponda.

2. Para a percepción dos pagamentos, sexan parciais ou totais, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Solicitude de cobro da subvención.

b) Xustificación dos investimentos realizados mediante:

-Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados (anexo VII).

-Copias cotexadas das facturas orixinais sobre as que se realizará a toma de razón, así como copias dos documentos bancarios de pagamento.

c) Certificacións do cumprimento formal das obrigas coa Seguridade Social e fiscais e de non ter débedas pendentes de liquidación coa Comunidade Autónoma. Estas dúas últimas poderanse substituír pola autorización, segundo o modelo do anexo VIII, baseándose no disposto na cláusula 3ª do convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de subministración de información para finalidades non tributarias.

d) Certificado bancario de conta corrente e ficha bancaria.

e) Declaración xurada do beneficiario sobre axudas solicitadas, concedidas e/ou obtidas para os mesmos investimentos.

f) No último pagamento achegaranse os seguintes documentos:

f-1: memoria (anexo VI), en que se indiquen as actuacións executadas, as medidas correctoras implantadas e a importancia delas na actividade futura da empresa.

f-2: actualización da ficha cos datos da empresa, segundo o anexo V da orde.

f-3: xustificantes das accións contempladas no anexo II para incrementa-la porcentaxe de axuda.

f-4: copia dos seguintes documentos:

-Último imposto de sociedades ou, no seu defecto, do IRPF.

-Declaración de operacións con terceiros (modelo 347).

-Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral da empresa desde o inicio do ano no que se solicitou a axuda ata a data de xustificación final dos investimentos, coa relación de traballadores e as datas de alta e baixa, ou certificado de non ter traballadores no réxime xeral, se é o caso.

g) Específicas dos investimentos obxecto de subvención:

g-1: plans e ferramentas de xestión: para o pagamento parcial da primeira anualidade, deberase presentalo contrato asinado. Para o pagamento final presentase informe de seguimento do plan con detalle das accións correctoras.

g-2: maquinaria móbil: ficha técnica do vehículo, permiso de circulación do vehículo (se procede), seguro do vehículo ou de responsabilidade civil da empresa con indicación expresa do vehículo. Ademais, deberán presenta-la mesma documentación dos equipos subvencionados anteriormente ou dos que os substituíron. A non xustificación dos equipos anteriores suporá a redución no investimento subvencionable do importe do investimento subvencionado anteriormente.

g-3: vehículos e implementos de transporte de madeira por estrada: documentación indicada no punto anterior, tanto dos bens obxecto de subvención como dos equipos de saca que condicionan a súa subvención.

g-4: obra civil: para o pagamento da última anualidade, planos de planta, licenza municipal de obra ou documentación xustificativa da súa tramitación con informe favorable do técnico municipal.

g-5: serras: planos de planta e de distribución da maquinaria, certificado de homologación da maquinaria e informe de seguridade da súa instalación.

3. Unha vez comprobada a documentación presentada e realizada a inspección comprobatoria de execución dos investimentos subvencionados, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais emitirá a correspondente proposta de pagamento.

4. De acordo co Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve ó réxime xurídico de axudas e subvencións públicas na Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse realizar pagamentos parciais. Os pagamentos parciais non superarán o 80% da subvención concedida.

5. Os pagamentos parciais serán garantidos mediante aval bancario ou de entidade aseguradora suficiente, que se depositará por tempo indefinido a disposición da Consellería de Medio Ambiente na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia. O referido aval garantizará a cantidade anticipada máis os xuros, calculados ó xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e por un prazo que medie entre a data de solicitude e, como mínimo, dous meses tra-lo remate do prazo de xustificación previsto. O certificado de depósito de aval bancario devolveráselle ó interesado unha vez se comprobe, mediante inspección in situ, a realización material do obxecto da subvención, así como as restantes condicións da subvención. Estes avais poderán ser liberados no suposto de que se constitúan para pagamentos parciais correspondentes a fases ou partes do investimento susceptibles de avaliación independente e se comprobe a realización do investimento.

6. O pagamento da porcentaxe adicional ós investimentos en activos productivos, recollido no artigo 4º, queda condicionado á execución das accións que incrementan a axuda e ó seu seguimento por parte da empresa.

Artigo 11º.-Disposicións comúns.

1. As axudas serán compatibles con calquera outra destinada ós mesmos fins procedente de administracións públicas, salvo fondos comunitarios distintos do FEOGA, ata un límite de subvención neta equivalente do 40%, 55% para as PEMES, de acordo coa Decisión da Comisión Europea nº 773/99, do 17-5-2000, na que se establece o mapa de axudas de finalidade rexional para España no período 2000-2006.

2. En calquera fase do proceso de tramitación, o órgano xestor da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais poderalle solicitar ó interesado as aclaracións ou xustificacións oportunas con respecto ós datos da documentación esixible.

3. O beneficiario quedará obrigado a mante-lo investimento subvencionado, e o emprego ligado a este, durante un período mínimo de 5 anos.

4. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería de Medio Ambiente, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas.

Artigo 12º.-Información e publicidade.

Na resolución individual de concesión da axuda, indícarase a contía ou porcentaxe de participación dos fondos FEOGA-O e da Xunta de Galicia.

Os bens de equipo financiados con estas axudas identificaranse con adhesivos que informarán do seu financiamento con fondos FEOGA-O e levarán o logotipo da Unión Europea e da Xunta de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para dictar cantas disposicións complementarias estime oportunas para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2003.

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

1. Investimentos en activos fixos productivos.

Non se considerarán substitucións de investimentos subvencionados anteriormente, salvo diferencial de custo. Consideraranse con carácter exclusivo os seguintes.

1.1 Equipos persoais de seguridade para o traballo no monte, ata o número de empregados que figuren no TC2, sen superar o 30% do total dos investimentos.

1.2. Procesadoras, autocargadores e arrastradores forestais, así como as adaptacións e implementos.

1.3. Equipos tractocargadores completos (tractores con cabinas reforzadas homologadas, proteccións forestais nas rodas e baixos, asento xiratorio, guindastre, cabrestante e remolque forestal de tracción). Consideraranse tamén os equipos orientados á recoleita de biomasa.

1.4. Apeiros e implementos forestais que permitan un primeiro tratamento dos produtos forestais: desbrozadoras, peladoras móbiles, esteladoras, empacadoras, e outras para fins similares, en número non superior os equipos de saca de madeira propiedade da empresa.

1.5. Góndolas, camiós e plataformas para o transporte da madeira ou biomasa e guindastres que se instalen nelas. O número de camiós, plataformas e guindastres limitarase ó número de equipos de saca (tractocargadores ou autocargadores) subvencionados á empresa. Só se subvencionará unha góndola por empresa sempre que esta dispoña de máquina procesadora.

1.6. Instrumentos de medición de masas forestais, en número non superior á maquinaria de saca de madeira (máximo auxiliabile 1.500 euros/empresa).

1.7. Básculas, pas cargadoras de rolla, liñas de pelado e instalacións de clasificado de rolla.

1.8. Obra civil relacionada co movemento de rolla (deberán presentar licenzia municipal ou informe urbanístico favorable do concello):

-Preparación do patio de amoreamento e cargadoiros de rolla (máximo auxiliabile 18 euros/m²).

-Alpendres para almacenamento de rolla (máximo auxiliabile 120 euros/m²).

-Instalacións de parque húmido de rolla (máximo auxiliabile 40 euros/m²).

1.9. Bens de equipo, instalacións e obra civil (cos máximos auxiliables xa sinalados) en empresas de recollida, manexo, comercialización e transformación de produtos forestais non madeireiros (cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais e residuos forestais do monte).

1.10. Maquinaria e instalacións, homologadas e con informe de seguridade da súa instalación realizado por empresa autorizada, en serras en activo de menos de 10 empregados.

2. Plans e ferramentas de xestión empresarial. Consideraranse os seguintes, así como o seu seguimento e execución das medidas correctoras:

2.1. Adaptación das instalacións á normativa de seguridade industrial e laboral: gastos de asesoramento e investimentos correctores.

2.2. Plans empresariais de prevención de riscos laborais.

2.3. Plans correctores e preventivos de riscos ambientais, e implantación de códigos ou normas de boas prácticas medioambientais.

2.4. Implantación na empresa de ferramentas de xestión empresarial específicas da actividade para o control de custos, calidade, mantemento, avarías. Equipos informáticos con conexión á Internet, ata un máximo auxiliabile de 1.500 euros/empresa.

2.5. Preparación do proceso productivo para unha futura adaptación á cadea de custodia de madeira certificada, e/ou normativa de calidade.

ANEXO II

ACCIÓNS E PORCENTAXE DE INCREMENTO DA AXUDA

Accións que incrementan a axuda (Nos investimentos en activos fixos productivos)	Incremento da axuda
Por cada curso de formación específico da actividade forestal cunha duración mínima de 30 horas, realizado por traballadores da empresa desde o 1-1-2000 (máximo 2 cursos)	1%
Por ter contrato de prevención de riscos laborais	1%
Por dispor de contrato de externalización das garantías dos traballadores	1%
Por dispor seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	2%
Por pertencer a asociación profesional do sector	1%
Por ter contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3%
Se investimentos para a comercialización e transformación de produtos silvícolas non madeireiros	3%
Por instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguridade industrial	3%
Por plan de adaptación da empresa á cadea de custodia	5%
Por plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial	5%
Si empresas de comercialización conxunta (mínimo 3 de empresarios do sector con actividade nos últimos 3 anos), agrupacións de propietarios con máis de 100 ha arboradas, ou comunidades de montes veciñais	8%
Por compromiso de creación de posto de traballo fixo, no réxime xeral (máximo 2)	2%



Os cursos de formación deberán ter un recoñecemento oficial. Non se contabilizarán os propios dos plans de seguridade laboral. Para valoralos cursos de formación poderase achegar un compromiso mediante declaración xurada, acompañado de informe favorable da asociación sectorial ou organismo capacitado para a realización do curso.

As empresas novas poderán achegar compromiso de realización das accións.

Poderanse contemplar, no caso das adaptacións á normativa de seguridade industrial e dos plans de adaptación á cadea de custodia e de mellora da xestión empresarial, contrato ou, no seu defecto, orzamento comercial da acción e declaración xurada comprometéndose á súa execución e memoria en detalle do contido que se vai desenvolver.

Estas accións serán comprobadas na inspección final, analizando se efectivamente foron incorporadas ó funcionamento normal da empresa. A non execución será penalizada de acordo co indicado no art. 9º.4).

ANEXO III

 <p>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE</p>	<p>UNIÓN EUROPEA FEOGA ORIENTACIÓN</p> 
---	---

<p>PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO DA MELLORA DA CALIDADE NA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS SILVÍCOLAS</p>	<p>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA615A</p>	<p>DOCUMENTO SOLICITUDE</p>
---	---	--

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
TELÉFONO	ENDEREZO	TELÉFONO MÓBIL	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	FAX

E na súa representación:

DON/DONA	DNI
----------	-----

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de subvencións da orde do ____ de _____, de fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas.

SOLICITA:

A concesión dunha subvención a fondo perdido segundo os termos sinalados na citada orde para os seguintes investimentos:

Contía dos investimentos

Maquinaria en activos fixos productivos _____
 Plans e ferramentas de xestión empresarial _____

Comprometéndose a acompañar-la seguinte documentación:

- MEMORIA (ANEXO V).
- COPIA DO CIF OU NIF.
- COPIA DA DECLARACIÓN DE OPERACIÓNS CON TERCEIROS (MOD. 347).
- TC1 E TC2 DO MES DE DECEMBRO DE 2002.
- FICHA DA EMPRESA (ANEXO VI).
- COPIA DO IMPOSTO DE SOCIEDADES OU IRPF.
- XUSTIFICACIÓN DA RELACIÓN COS PRODUCTORES FORESTAIS.
- NO CASO DE SERRAS E OBRA CIVIL: LICENCIA MUNICIPAL OU INFORME MUNICIPAL FAVORABLE.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 5 de maio de 2003 de fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas.

DECLARO: que son certos os datos arriba reflectidos,
O/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

_____, de _____ de 200_

ANEXO IV

MEMORIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

1.- DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

1.1: Activos fixos productivos (anexo IA):

Tipo	Descrición: marca, modelo, potencia, capacidade productiva, características específicas	Importe

1.2: Plans e ferramentas de xestión empresarial (anexo IB):

Tipo	Descrición	Importe

2.- XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO:

Achegar contrato, factura proforma ou similar.

3.- ARGUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA CONVENIENCIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR.

Para cada un dos investimentos previstos explicar:

3.1 **Obxectivos** e incidencia esperada dos investimentos sobre:

- | | | |
|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------------|
| a- Custos de produción, | b- Calidade do produto, | c- Capacidade de produción, |
| d- Seguridade laboral, | e- Mellora do servizo, | f- Impacto ambiental, |
| g- Fidelización do mercado, | h- Xestión empresarial, | i- Melloras na toma de decisións. |

3.2 Nos plans e ferramentas de xestión empresarial (anexo IB)

Memoria en detalle do contido a desenvolver, e compromiso de execución.

4.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA EMPRESA.

4.1 Presentar unha **memoria descriptiva** e detallada que inclúa os seguintes datos:

- As actividades da empresa (compravenda, traballo a máquina, subcontratas de operacións de corta, saca, transporte,...)
- Área habitual de traballo e forma de abastecemento (% montes particulares, de veciños e poxas)
- Forma de venda e canles de comercialización,
- Tipo de produtos comercializados.

4.2 Indicar as **tarefas** de aproveitamento forestal **que realiza**:

<i>(toneladas/ano)</i>		Con medios propios	Ou subcontrata
Compra a madeira en pé	Con cartos propios		
	Con cartos alleos		
Realiza a corta e saca			
Compra en cargadoiro			
Realiza o transporte por estrada			
Vende a outro rematante ou entrador			
Vende a industria	clasificada		
	sen clasificar		

5.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E PAGAMENTO

(Estes datos servirán de referencia para a distribución das anualidades da axuda)

Data	Descrición dos investimentos previstos	Importe invest.	Pagos previstos
15/10/2003			
30/05/2004			

6.- XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA.

Presentar documentos xustificativos das accións contempladas no anexo II. A xustificación inadecuada non se computará para efectos de incrementa-la axuda. (Indíquese na columna da dereita os xustificantes achegados)

Cursos de formación específico da actividade forestal (máximo 2)	1 %	
Contrato de prevención de riscos laborais	1 %	
Por dispor de contrato de externalización das garantías dos traballadores	1 %	
Seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	2 %	
Pertenza a asociación profesional do sector	1 %	
Contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3 %	
Comercialización e transformación de productos silvícolas non madeireiros	3 %	
Instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguridade industrial	3 %	
Plan de adaptación da empresa á cadea de custodia	5 %	
Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial	5 %	
Empresas de comercialización conxunta, agrupacións de propietarios forestais, ou comunidades de montes veciñais	8 %	
Por creación de posto de traballo fixo , no réxime xeral. (máximo 2)	2 %	

(A non execución delas comportará a penalización contemplada no art.9ª. 4).

7.- SUBVENCIONS RECIBIDAS ANTERIORMENTE

(Indíquese os expedientes de axuda e investimentos subvencionados para a actividade forestal)

Nº EXPTE.	Descrición obxecto investimento	Axuda

8.- XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE FINACEIRA DA EMPRESA E DOS INVESTIMENTOS

A viabilidade da empresa e do investimento é unha condición necesaria para a consideración como subvencionable. Valorarase mediante os seguintes indicadores ou a presentación dun **estudio económico de viabilidade**.

INDICADOR	Comentario para o cálculo	VALOR (€)
Crédito bancario	Dispoñibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70% do seu importe	
Vendas	Superior ó triple do investimento ($V > 3I$). (na declaración anual de facenda ou no 347)	
Amortizacións Beneficios	Amortizacións máis beneficios superior á sexta parte dos investimentos ($A+B > I/6$)	
Contratos	Contratos de venda por importe superior ó investimento ($T > I$)	

Para a xustificación da viabilidade achegarase copia dos documentos oficiais xustificativos.

9.- DECLARACIÓN XURADA DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO INVESTIMENTO

Don/Dona, como representante legal da empresa....., DECLARO que se ten solicitado, ou previsto solicitar, axudas para os mesmos investimentos ó abeiro das seguintes liñas de axuda:

Obxecto investimento	Importe investimento	Liña axudas	Organismo xestor

Declaro, así mesmo, coñecer a incompatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos comunitarios distintos de FEOGA-O, e a imposibilidade de superar un límite de subvención neta equivalente do 40%, 55% para as pemes, de acordo coa Decisión da Comisión Europea nº 773/99, do 17.5.2000, na que se establece o mapa de axudas de finalidade rexional para España no período 2000-2006.

Data

Sinatura

10.- DECLARACIÓN XURADA DE EMPREGADOS

No caso de que se prevexa unha creación de emprego: **argumenta-la** necesidade dos novos postos.

Aportaranse os documentos da Seguridade Social xustificativos do emprego na empresa (réxime xeral e autónomos).

Don/Dona, como representante legal da empresa....., DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

Indíquense só empregados no réxime xeral e autónomos	Actualmente			Ó final do investimento		
	Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais
Total						

Emprego medio no ano 2002 no réxime agrario: _____

Se a subvención supera os 10 millóns de pesetas, comprométeme a mante-la porcentaxe mínima do 35% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (o 33% se o número de empregados non supera os 10 traballadores).

DataSinatura

ANEXO V

DATOS XERAIS*

DATOS DA EMPRESA ¹			
Nome			NIF
Enderezo			CP
Concello		Nº establecementos industriais	
Capital social	Vol. Negocio	Balance anual	

DATOS DO ESTABLECEMENTO INDUSTRIAL			
Nome			CP
Enderezo		Concello	
Tlf. 1	Tlf. 2	Fax	e-mail
Representante legal			Cargo
Réxime de propiedade:	Propio	Arrendado	Ano de inicio da fábrica
Nº D.C.E.:		Nº rexistro establecementos industriais	

PERSONAL ²	Fixo	Eventual	Autonom.
Directivos			
Administrat.			
Op. Fábrica			
Op. Explotac			
Op. Transporte			
Comerciais			
TOTAL			

ACTIVIDADES DA EMPRESA	PRODUCCIÓN MÁXIMA DIARIA ³
Explotación forestal	t/día
Serrado de madeira	m ³ /día
Fabricación de tarimas, frisos e parqués	m ³ /día
Outros (indicar)	

HORAS DE TRABAJO		(h/día)
Verán	Fábrica	
	Explotación forestal	
Inverno	Fábrica	
	Explotación Forestal	
Nº días/ano:		

CONSUMO ANUAL DE ENERGIA ⁶	
Eléctrica (kwh)	
Fuel óleo e gasolina (l)	
Gas (m ³)	
Residuos forestais (m ³)	

POTENCIA INSTALADA	
Potencia eléctrica contratada (kw)	
Xeradores eléctricos (kw)	
Xeradores de vapor (kcal/h)	

PARCELAS E EDIFICACIONES ⁴	
Superficie total parcelas (m ²) ⁵	
Superficie total cuberta (m ²)	
- fabricación	
- almacén materia prima	
- almacén productos	
- galpóns e servicios	
- oficinas	
- secadoiros	
- outros	

Acompañar plano de situación, plano de terreos e edificacións e planos ou croquis de planta e situación da maquinaria.

SECADEIROS DE MADEIRA	
Capacidade nominal de secado	
Nº de secadoiros	
Fonte térmica ⁷	
Capacidade calorífica instalada	

* INSTRUCCIONES

débense cubrir tantos formularios como establecementos industriais teña a empresa

¹ Tódolos datos se refiren ó último exercicio.

² Indíquese a media ó longo do ano.

³ Indica-la capacidade máxima de produción diaria da empresa en cada unha das actividades que realice.

⁴ Xuntar plano de situación, plano de terreos e edificacións e planos ou bosquejos de planta e situación da maquinaria.

⁵ Superficie total do terreo da industria.

⁶ Suxírese contrasta-los datos coas facturas dos provedores.

⁷ Caldeira de gasóleo, caldeira de residuos, coxeración, bomba de calor, etc.

PRODUCTOS ELABORADOS ANUALMENTE *

Empresa	Concello
Actividade ¹²	

Producto ¹³	Clasificación comercial ¹⁴	Especie ¹⁵	Cantidad (m ³)

* INSTRUCCIONES: se é preciso, utilícese máis dunha folla para cubrir este punto
¹² Explotación forestal, serrado e 2 transformación. Utilizar unha folla para cada unha das distintas actividades
¹³ Produto que vende a empresa. Indicar se é rolla, puntal, taboal/taboleiro, taboña, barroto cadrado, serraduras, estelas, larimas, frisos, etc.
¹⁴ Indíquese a clasificación empregada pola empresa, limpa, semilimpa, corrente (pales, esquelataxe), encofrado, etc.
¹⁵ Piñeiro, eucalipto, frondosas, madeiras de importación. Se se fa un produto con distintas especies, poder cada unha por separado.

CONSUMO ANUAL DE MATERIAS PRIMAS *

Empresa	Concello
Actividade ⁸	

Tipo ⁹	Especie ¹⁰	Lugar de compra ¹¹	Cantidad (m ³)

* INSTRUCCIONES: se é preciso, utilícese máis dunha folla para cada unha das actividades
⁸ Explotación forestal, serrado e 2ª transformación. Utilizar unha folla para cada unha das actividades
⁹ Arbre en pé, rolla, puntal, taboal/taboleiro, outros (a indicar)
¹⁰ Piñeiro, eucalipto, frondosas e madeiras de importación.
¹¹ No monte, en cargadero, en fábrica, outros (a indicar).

MAQUINARIA E INSTALACIÓN PRODUCTIVAS *

Empresa	Concello
---------	----------

Actividade ¹⁶:

Clase de liña ¹⁷	Descrición da liña ¹⁸	Postos de Traballo ¹⁹	Ano ²⁰	Automatismo ²¹	
				Aliment.	Evacuac.

* INSTRUCCIÓN: se é preciso, utilícese máis dunha folia para cubrir este punto

¹⁶ Explotación forestal, serrado e 2ª transformación. Poñe-las distintas actividades en follas distintas

¹⁷ Desagregar: pelado, grupo(s) de cabeza, unidade de reaserrado, retestado, canteado, afiado, secado, antiagulado, clasificado, encastelamento, desamoreado, empaquetado, liñas de 2ª transformación, etc.

¹⁸ Descrición dos distintos compoñentes da liña, principalmente da máquina principal. Indicar marca e modelo, potencia, dimensións e principais características técnicas.

¹⁹ Postos de traballo empregados na liña productiva. Se un mesmo traballador é compartido simultaneamente por varias liñas, indícase a fracción de tempo.

²⁰ Ano de fabricación da máquina principal da liña

²¹ Poñer un X cando o operario non precisa colle-la madeira coas mans, ben na alimentación, ben na evacuación, en cada liña.

TRANSPORTE INTERNO, EXTERNO E MÁQUINA DE EXPLOTACIÓN FORESTAL *

Empresa	Concello
---------	----------

Tipo máquina ²²	Descrición, marca, potencia ²³	Ano de fabricación	Nº bastidor	Matrícula

* INSTRUCCIÓN: se é preciso, utilícese máis dunha folia para cubrir este punto

²² Indicar que tipo de máquina é: carretilla elevadora, pa cargadora, tractor, guindastre sobre tractor, remolque de tractor, autocargador, arrastrador, camión, cabeza tractora de plataforma, semirremolque plataforma, guindastre sobre plataforma, procesadora, rozadora, etc.

²³ Descrición técnica, indicando as modificacións feitas ou os elementos auxiliares incorporados (cabrestante, coitela bulldozer, etc.), así como a marca e modelo e a potencia.

ANEXO VI

MEMORIA DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS

1.- EXPLICACIÓN DIFERENCIAS ENTRE OS TRABALLOS PREVISTOS E OS REALIZADOS:

Indíquese as diferencias entre os investimentos aprobados e os xustificadas (custo e datos técnicos de capacidade)

APROBADO			EXECUTADO			Obs.
Obxecto	Importe	Datos técn. (superf, kW,..)	Obxecto	Importe	Datos técn. (superf, kW,..)	
TOTAL			TOTAL			

Obs.	Explicacións e xustificación das diferencias

2.- XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DOS INVESTIMENTOS:

Achegar facturas e xustificantes bancarios de pagamento.

Nos plans e ferramentas de xestión empresarial (anexo IB) deberase achegar informe detallado das **accións correctoras** realizadas (este punto deberá ser claro e descritivo, por ser determinante na comprobación da execución).

3.- OBXECTIVOS ACADADOS COS INVESTIMENTOS.

Explica-los obxectivos acadados nalgúns dos seguintes conceptos:

- | | | |
|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------------|
| a- Custos de produción, | b- Calidade do produto, | c- Capacidade de produción, |
| d- Seguridade laboral, | e- Mellora do servizo, | f- Impacto ambiental, |
| g- Fidelización do mercado, | h- Xestión empresarial, | i- Melloras na toma de decisións. |

4.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE FORESTAL DA EMPRESA.

4.1 Presentar unha **memoria descriptiva** da actividade da empresa que recolla os seguintes datos, e os cambios operados na empresa co investimento subvencionado.:

- As actividades da empresa (compravenda, traballo a máquina, subcontratas de operacións de corta, saca, transporte,..)
- Área habitual de traballo e forma de abastecemento (% montes particulares, de veciños e poxas)
- Forma de venda e canles de comercialización,
- Tipo de produtos comercializados.

4.2 Indíquese as actividades realizadas no último ano:

(toneladas/ano)		Con medios propios	Ou subcontrata
Compra a madeira en pé	Con cartos propios		
	Con cartos alleos		
Realiza a corta e saca			
Compra en cargadeiro			
Realiza o transporte por estrada			
Vende a outro rematante ou entrador			
Vende a industria	clasificada		
	sen clasificar		

5.- XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA.

5.1 Presentar documentos xustificativos das accións contempladas no anexo II. A xustificación ou a non execución das mesmas comportará a penalización contemplada no art.9º. 5).

5.2 Explíquese a variación no emprego producida na empresa tralo investimento, resaltando tanto os aspectos cuantitativos como cualitativos.

9.- DECLARACIÓN XURADA DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO INVESTIMENTO

Don/Dona, como representante legal da empresa....., DECLARO que se ten solicitado axudas para os mesmos investimentos ó abeiro das seguintes liñas de axuda:

Obxecto investimento	Importe investimento	Liña axudas	Sit. Admva.	Organismo xestor axudas

Declaro, así mesmo, coñece-la incompatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos comunitarios distintos de FEOGA-O, e a imposibilidade de superar un límite de subvención neta equivalente do 40%, 55% para as PEMES, de acordo coa Decisión da Comisión Europea nº 773/99, do 17.5.2000, na que se establece o mapa de axudas de finalidade rexional para España no período 2000-2006.

Data
Sinatura

10.- DECLARACIÓN XURADA DE EMPREGADOS

Don/Dona, como representante legal da empresa....., DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

(só empregados no réxime xeral e autónomos)	Antes do investimento (.././.....)			Actualmente		
	Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais
Total						

Emprego medio no ano 2002 no réxime agrario: _____

Se a subvención supera os 10 millóns de pesetas, comprométome a mante-la porcentaxe mínima do 35% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (o 33% se o número de empregados non supera os 10 traballadores).

(Achegaranse os documentos da Seguridade Social xustificativos do emprego na empresa (réxime xeral e autónomos))

Data
Sinatura

ANEXO VII

LISTA DE XUSTIFICANTES DO INVESTIMENTO

BENEFICIARIO:				EXPEDIENTE Nº:		
Data inicio investimentos:	Data final investimentos:	Xustificación:	Final Parcial	---	---	Código dos documentos de pago: 1 - Cheque 2 - Transferencia bancaria 3 - Metálico 4 - Letra de cambio 5 - Outros a indicar

TRABALLOS SUBVENCIONABLES		XUSTIFICACIÓNS					PAGOS EFECTUADOS				
OBXECTO INVESTIMENTO	CUSTOS PREVISTOS	Nº FACTURA	DATA	EMITIDO POR	OBXECTO DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	DOCUMENTO CÓDIGO E Nº *	DATA	IMPORTE CON IMPOSTO INCLUIDO	IVE RECUPERABLE	IMPORTE SEN IVE
SUBTOTAL											
SUBTOTAL											
TOTAL											

Data
Sinatura do beneficiario (ou do seu representante legal)

ANEXO VIII

	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE	UNIÓN EUROPEA FEOGA ORIENTACIÓN	
---	--	--	---

<small>PROCEDEMENTO</small> AXUDAS PARA O FOMENTO DA MELLORA DA CALIDADE NA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS SILVÍCOLAS	<small>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</small> MA615A	<small>DOCUMENTO</small> AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN TRIBUTARIA
--	--	--

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria a subministración dos datos de carácter tributario a que se refiren o artigos 6º 1.d e 10º 1.c da orde.

Así mesmo, cos requisitos sinalados no parágrafo anterior e no art. 18.1 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, en materia de axudas e subvencións públicas,

AUTORIZO:

Para que se solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Corrección de erros.-Orde do 5 de maio de 2003 de fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 93, do xoves 15 de maio de 2003, é necesario efectua-las seguintes correccións:

1. Na páxina 6.193, no artigo 5º, epígrafe B.2, onde di:

	Baremo
Volume de negocio na explotación forestal: $[(V + 50T)/I - 1] \times 5$ Por cada unidade, a partir da segunda, no cociente vendas/investimentos solicitados.	5 (máx).
(Os contratos de saca (T) valoraranse como vendas multiplicando o seu valor por 50)	30

Debe decir:

	Baremo
Volume de negocio na explotación forestal: <i>(fórmula: $[(V + 50T)/I-1] \times 5 = <30$)</i> Por cada unidade, a partir da segunda, no cociente vendas/investmentos solicitados: 5 p. (Os contratos de saca (T) valoraranse como vendas multiplicando o seu valor por 10)	5 (máx. 30)

2. Na páxina 6.194, no artigo 10º, punto 1, onde di: «o prazo de xustificación finalizará o 15 de outubro de 2003 ...», debe decir: «O prazo de xustificación finalizará o 30 de outubro de 2003...».